

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE MONFORTE QUE PARTICIPEN EN CAMPIONATOS DE ESPAÑA, DE EUROPA OU DO MUNDO NO ANO 2022

O Concello de Monforte pretende apoiar aos clubs deportivos da localidade que se atopen inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións, que participen, durante o ano 2022 (entre o 1 de xaneiro e o 14 de outubro) nalgún campionato de España, de Europa ou do mundo propio da modalidade deportiva, fomentando deste xeito o ámbito deportivo – competitivo do deporte.

1. OBXECTO E RÉXIME DA SUBVENCIÓN:

O obxecto da presente convocatoria e a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de **concorrenca non competitiva**, a clubs deportivos do Concello de Monforte que participen en Campionatos de España, de Europa ou do mundo propios da súa modalidade deportiva. A elección deste procedemento vén motivada pola propia natureza das subvencións, xa que a súa condición unicamente a determina o cumprimento por parte das entidades solicitantes dos requisitos establecidos na convocatoria.

Esta convocatoria ten por finalidade o fomento e a promoción do deporte monfortino no seu ámbito deportivo – competitivo.

Será obxecto deste procedemento de subvencións financiar os gastos ocasionados pola participación de clubs deportivos do Concello de Monforte en campionatos de España, de Europa ou do mundo durante o ano 2022 (entre o 1 de xaneiro e o 14 de outubro).

Estas subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva, consonte ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos dado que, polo obxecto e finalidade da subvención, non é necesario realizar a comparación e prelación entre as solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario previsto. As solicitudes de subvención presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nestas bases, tramitaranse e resolveranse por orde de entrada da solicitude no rexistro.

Xustifícase a excepcionalidade de non ser necesaria a comparación das solicitudes entre sí, en que o que se valora e o cumprimento dunhas circunstancias particulares, que non son outras que a participación nun campionato de España, de Europa ou do mundo. Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que as solicitudes poidan ser atendidas en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de maneira continuada.

2. BENEFICIARIOS:

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións e clubs deportivos legalmente constituídos, que estean inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións Deportivas, que teñan a seu domicilio social no Concello de Monforte de Lemos e que cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os seguintes requisitos:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Non ser debedor co Concello por calquera tipo de débeda de dereito público (será comprobado de oficio pola administración).
- c) Non ser debedor coa facenda estatal ou autonómica e estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvención públicas

- e) Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixasen nas correspondentes convocatorias.
- f) Ter participado durante o ano 2022 (entre o 1 de xaneiro e o 14 de outubro), ben polo club ou por deportistas integrantes do club que participen coas correspondentes seleccións de ámbito galego ou nacional, nalgún campionato de España, de Europa ou do mundo propio da modalidade deportiva.

3. CONTÍA E LÍMITES DAS SUBVENCIONES:

As contías establecidas son as seguintes:

- MODALIDADES DEPORTIVAS DE EQUIPO (fútbol, voleibol, baloncesto, etc.):

Participación nun campionato de España	1.000,00 €
Participación nun campionato de Europa organizado en España	1.000,00 €
Participación nun campionato de Europa organizado fora de España	1.500,00 €
Participación nun campionato do mundo organizado en España	1.000,00 €
Participación nun campionato do mundo organizado fora de España	2.000,00 €

- MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS (natación, piragüismo, etc.):

Participación nun campionato de España	200,00 € por deportista ata un máximo de 1.000 €
Participación nun campionato de Europa organizado en España	200,00 € por deportista ata un máximo de 1.000 €
Participación nun campionato de Europa organizado fora de España	300,00 € por deportista ata un máximo de 1.500 €
Participación nun campionato do mundo organizado en España	200,00 € por deportista ata un máximo de 1.000 €
Participación nun campionato do mundo organizado fora de España	400,00 € por deportista ata un máximo de 2.000 €

Os interesados poderán presentar ata tres solicitudes de subvención, sempre e cando sexan pola participación en campionatos de diferente ámbito xeográfico ou territorial (España, Europa, mundial). No caso de que un club participe en varios campionatos do mesmo ámbito xeográfico ou territorial, poderá presentar unha única solicitude.

4. COMPATIBILIDADE:

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, sen prexuízo de lle comunicar ao órgano concedente a súa obtención. O importe total das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o gasto realizado polo beneficiario. Esta circunstancia deberá ser acreditada polo beneficiario conforme ao establecido nas bases desta convocatoria.

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 12.000,00 euros que se imputará á aplicación 341.480.04 do Orzamento municipal do ano 2022.

6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

Os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- 1- Modelo de solicitude **Anexo-1**
- 2- Memoria explicativa **Anexo-2**
- 3- Orzamento de gastos financiáveis **Anexo-3**
- 4- Declaración responsable **Anexo-4**
- 5- Relación de axudas solicitadas e/ou concedidas para os mesmos fins **Anexo-5**
- 6- Declaración sobre os documentos presentados pola entidade no Rexistro Municipal de Asociacións **Anexo-6**
- 7- Acreditación de representación **Anexo-7**
- 8- Copia do NIF en vigor da persoa física que actúe en representación da entidade solicitante.
- 9- Certificación federativa na que conste a participación do club, ou de deportistas do club coas súas respectivas seleccións, no Campionato de España, de Europa ou do mundo, que conteña os seguintes datos:
 - Nome do campionato
 - Nome e categoría de idade do equipo (en modalidades colectivas) ou dos/as deportistas participantes (en modalidades individuais)
 - Lugar de celebración
 - Data/as de celebración
 - Resultados obtidos

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, Campo de San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación do anuncio de aprobación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 14 de outubro de 2022.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiriráselles aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días emenden as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

Sen prexuízo do establecido no apartado anterior, poderá requirirse ao solicitante para que aporte aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

8. INSTRUCIÓN:

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á Concellería de Deportes, que realizará, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de cada unha das solicitudes.

9. RESOLUCIÓN:

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva de cada solicitude, resolverá o procedemento.

A resolución de concesión de subvención comprenderá a identificación do beneficiario e a contía da subvención.

Na resolución denegatoria da axuda farase constar o motivo da denegación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres (3) meses, contados dende a data de presentación da solicitude ou, no seu caso, da emenda.

Se transcorre o prazo sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS:

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

11. RECURSOS:

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, se o acto foi expreso ou de tres meses se o acto é presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

12. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:

As xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).

13. FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN:

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 13 destas bases.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

14. XUSTIFICACIÓN:

A xustificación da subvención será ata o día 30 de novembro de 2022 incluído.

Documentación xustificativa a presentar: a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- 1- Solicitude de pago da subvención **Anexo-8**
- 2- Declaración do custe total da participación no campionato, indicando os importes de financiamento **Anexo-9**
- 3- Relación clasificada dos gastos pola participación no campionato (custo total), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento. (Será necesario relacionar todas as facturas que suman o custo total da

participación o campionato). Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas ata o importe da subvención concedida. **Anexo-10**

- 4- Relación de axudas solicitadas e/ou concedidas para os mesmos fins **Anexo-11**
- 5- Xustificación do gasto subvencionado mediante a presentación de facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e, no seu caso, a respectiva certificación federativa, por importe igual ou superior á subvención concedida.

Só se admitirán facturas emitidas no ano 2022.

- 6- Acreditación do pago das facturas ou documento de valor probatorio: o pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberase facer tendo en conta que segundo o establecido no artigo 7 da lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes que interveñen actúe en calidade de empresario ou profesional cun importe igual ou superior ou superior a 1.000,00 € ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos do cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, isto é, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira, os cheques bancarios ó portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, deseñado para ser utilizado como medio de pago ó portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo (NIF, nome e apelidos).

- 7- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Facenda estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social. O Concello comprobará de oficio que a Asociación se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda local. No obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000,00 €.

Para esta última situación deberase presentar unha declaración responsable, (que substituirá á presentación das certificacións previstas no artigo 22 do mencionado Real Decreto. **Anexo-12**

- 8- No caso de que se presenten como xustificantes de gasto, facturas de combustible, estas deberán estar a nome do club solicitante e, ademais, deberá presentarse a seguinte documentación:
 - Acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade solicitante.
 - Declaración responsable de que os gastos de combustible do vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte de deportistas e/ou elementos e aparellos imprescindibles para a participación no campionato obxecto da solicitude de subvención. **Anexo-13**

- 9- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número de conta no que se procederá ó abono da correspondente subvención.

15. REINTEGRO DE SUBVENCÍONS:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a concesión ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

16. DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal e, de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

ANEXO I – INSTANCIA DE SOLICITUDE

SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE MONFORTE QUE PARTICIPEN EN CAMPIONATOS DE ESPAÑA, DE EUROPA OU DO MUNDO NO ANO 2022

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

Nome			C.I.F.	
Domicilio				
Teléfono		E-mail		

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome e Apelidos			
D.N.I		Cargo que ocupa	
Teléfono		E-mail	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

- Notificar no enderezo da Entidade solicitante
 Notificar no seguinte enderezo

Nome da vía:	Nº	Andar:	Porta:
Localidade:	Concello:	Provincia:	C.P.

SOLICITO:

Subvención polo seguinte concepto, tendo en conta o establecido nas bases da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos do Concello de Monforte que participen en campionatos de España, de Europa ou do mundo no ano 2022:

MODALIDADES DEPORTIVAS COLECTIVAS (fútbol, voleibol, etc.)		
CONCEPTO	IMPORTE	MARCAR
Participación nun campionato de España	1.000,00 €	
Participación nun campionato de Europa organizado en España	1.000,00 €	
Participación nun campionato de Europa organizado fora de España	1.500,00 €	
Participación nun campionato do mundo organizado en España	1.000,00 €	
Participación nun campionato do mundo organizado fora de España	2.000,00 €	

MODALIDADES DEPORTIVAS INDIVIDUAIS (taekwondo, piragüismo, etc.)		MARCAR
Participación nun campionato de España	200,00 € por deportista máx. 1.000 €	
Participación nun campionato de Europa organizado en España	200,00 € por deportista máx. 1.000 €	
Participación nun campionato de Europa organizado fora de España	300,00 € por deportista máx. 1.500 €	
Participación nun campionato do mundo organizado en España	200,00 € por deportista máx. 1.000 €	
Participación nun campionato do mundo organizado fora de España	400,00 € por deportista máx. 2.000 €	

Monforte de Lemos, de de

O/A REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN,

Asdo.

ANEXO II

MEMORIA DA PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO PARA O QUE SOLICITA A AXUDA

NOME DO CAMPIONATO:

ÁMBITO XEOGRÁFICO (marcar unha opción):

- Campionato de España
 Campionato de Europa
 Campionato do mundo

MODALIDADE DEPORTIVA:

NÚMERO DE PARTICIPANTES:

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

DATA/AS DE CELEBRACIÓN:

RESULTADOS OBTIDOS:

Monforte de Lemos, de de
O/A REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN,
Asdo.

ANEXO III
ORZAMENTO DE GASTOS FINANCIABLES

D./D^a _____ con DNI _____ en nome e
representación da Entidade _____ con NIF _____

DECLARO:

Que o orzamento financiable para a actividade subvencionada é o seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL	€

Monforte de Lemos, de de
O/A REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN,

Asdo.

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____ con DNI _____ en nome e representación da Entidade _____ con NIF _____ **DECLARA RESPONSABLEMENTE** (*sinalar cunha cruz no caso que corresponda*):-

- Que a entidade que represento non está incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións contempladas nos apartados 2 e 3 dos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que impida obter a condición de beneficiaria da subvención solicitada e 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a entidade solicitante atópase ao corrente das obrigacións tributarias e da Seguridade Social e co Concello de Monforte de Lemos.
- Que se compromete a comunicar ao Concello de Monforte de Lemos calquera modificación das circunstancias que se teñan en conta para o outorgamento da subvención.
- Que a entidade que represento **está asumindo** o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Que a entidade que represento **non está asumindo** o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade por ter a posibilidade de compensalo ou recupera

Monforte de Lemos, de de

O/A REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN,

Asdo.

OBSERVACIÓN: Esta declaración responsable ten unha validez de seis (6) meses a efectos da solicitude de subvención do Concello de Monforte de Lemos, salvo que se produza algunha variación da situación obxecto da declaración, que o Responsable da Entidade está obrigado a comunicar no momento que se produce.

ANEXO V

RELACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PARA OS MESMOS FINS

D./D^a _____ con DNI _____ en nome e representación da Entidade _____ con NIF _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE: *(sinalar cunha cruz no caso que corresponda).*-

1. Achegas económicas:

- QUE a Entidade non solicitou nin recibiu ningunha outra axuda ou subvención doutra administración pública, ente público ou entidade privada para a mesma actuación subvencionada.
- QUE solicitou/recibiu outra/s axuda/s ou subvención/s doutra administración pública, ente público ou entidade privada, para a mesma actuación subvencionada, tal e como se detalla na seguinte relación:

ENTIDADE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

2. Achegas non económicas:

- QUE a Entidade non solicitou nin recibiu ningunha outra axuda doutra administración pública, ente público ou entidade privada para a mesma actuación subvencionada.
- QUE solicitou/recibiu outra/s axuda/s doutra administración pública, entes públicos ou entidades privadas, para a mesma actuación subvencionada, tal e como se detalla na seguinte relación:

ENTIDADE	TIPO DE AXUDA

Monforte de Lemos, de de

O representante da entidade

Asdo.

ANEXO VI

DECLARACIÓN SOBRE OS DOCUMENTOS PRESENTADOS POLA ENTIDADE NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN

D./D^a _____ con DNI _____ en nome e representación da Entidade _____ con NIF _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE (*sinalar cunha cruz no caso que corresponda*):-

Que os documentos seguintes:

<input type="checkbox"/>	CIF da entidade.
<input type="checkbox"/>	Estatutos.
<input type="checkbox"/>	Acta de constitución.
<input type="checkbox"/>	Inscripción no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia
<input type="checkbox"/>	DNI do representante e acreditación da representación.

Foron aportados ao Concello en data _____ e, non habendo modificacións, mantéñense vixentes ata a data da solicitude.

E para que así conste, aos efectos oportunos, asino a presente declaración responsable.

Monforte de Lemos, _____ de _____ de _____

O/A REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN,

Asdo.

ANEXO VII

ACREDITACIÓN DA REPRESENTACION

() Soamente para aqueles supostos no que o representante da Entidade non coincida coa persoa que figura como tal nos Estatutos da Entidade achegados a este Concello).*

D./D^a _____ con DNI _____

Secretario da Entidade _____ con NIF _____

CERTIFICO

Que na sesión da (Xunta de Socios, Asamblea, etc.), celebrada o día _____ de _____ de _____ acordouse nomear a D./D^a _____ representante do club ou entidade, o que lle atribúe a representación legal con poderes suficientes para actuar por nome da mesma (xúntase documentación acreditativa ao respecto).

Monforte de Lemos, de de

O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE

Asdo.

ANEXO VIII

(A presentar coa xustificación)

SOLICITUDE DE PAGO DA SUBVENCIÓN

D./D^a _____, con DNI _____ e con domicilio a efectos de notificación en _____
_____ teléfonos _____, na miña condición de representante da entidade _____ con CIF _____, e domicilio social en _____

EXPOÑO:

Que á entidade que represento foille concedida unha subvención por importe de _____ € dentro da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos do Concello de Monforte que participen en campionatos de España, de Europa ou do mundo

SOLICITA:

Que sexa admitida a documentación que se achega como conta xustificativa da subvención concedida polo Concello de Monforte, e que se proceda ao pago da mesma no número de conta indicado na solicitude.

_____, ____ de _____ de 2022

O representante da entidade

Asdo

ANEXO IX

(A presentar coa xustificación)

DECLARACIÓN DO CUSTE TOTAL DA ACTIVIDADE

D./D^a _____, con DNI _____, en nome e representación da entidade _____ con CIF _____

en relación ao expediente tramitado ó amparo da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos do Concello de Monforte que participen en campionatos de España, de Europa ou do mundo

DECLARO:

Que se cumpriu a finalidade para a cal o Concello de Monforte de Lemos concedeu a subvención por importe de _____ euros, que a subvención foi integramente destinada á finalidade pactada, así como que o custo total da actividade subvencionada e o seu financiamento ascende ós seguintes importes:

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Subvención Concedida polo Concello de Monforte	€
Subvencións doutras Administracións	€
Outras fontes de financiamento	€
Fondos propios da entidade	€
TOTAL (Custo total)*	€

_____, ____ de _____ de 2022

O/A representante da entidade

Asdo.

ANEXO X

(A presentar coa xustificación)

RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS REALIZADOS

TIPO DE DOCUMENTO	DATA DE EMISIÓN	DATA DE PAGO	PROVEDOR	NIF	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE CON IVE	DESCRICIÓN DO GASTO

TOTAL		
--------------	--	--

IMPORTANTE:

- **Tipo de documento:** indicar se se trata dunha factura, nómina, certificación federativa, etc.
- **O resultado da suma das facturas ten que corresponderse co custo total declarado no anexo III.**

_____, ____ de _____ de 2022

O representante da entidade

Asdo

ANEXO XI

(A presentar coa xustificación)

RELACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS PARA OS MESMOS FINS

D./D^a _____ con

DNI _____ en nome e representación da

Entidade _____ con

NIF _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE: (*sinalar cunha cruz no caso que corresponda*).-

1. Achegas económicas:

- QUE a Entidade non solicitou nin recibiu ningunha outra axuda ou subvención doutra administración pública, ente público ou entidade privada para a mesma actuación subvencionada.
- QUE solicitou/recibiu outra/s axuda/s ou subvención/s doutra administración pública, ente público ou entidade privada, para a mesma actuación subvencionada, tal e como se detalla na seguinte relación:

ENTIDADE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

2. Achegas non económicas:

- QUE a Entidade non solicitou nin recibiu ningunha outra axuda doutra administración pública, ente público ou entidade privada para a mesma actuación subvencionada.
- QUE solicitou/recibiu outra/s axuda/s doutra administración pública, entes públicos ou entidades privadas, para a mesma actuación subvencionada, tal e como se detalla na seguinte relación:

ENTIDADE	TIPO DE AXUDA

Monforte de Lemos, de de

O representante da entidade

Asdo.

ANEXO XII

(A presentar coa xustificación)

DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR Ó CORRENTE DE OBRIGAS TRIBUTARIAS

D./D^a _____, con DNI _____, en
nome _____ e representación _____ da entidade
_____ con _____ CIF

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que a entidade que represento está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.

Para que conste, co fin de xustificar a subvención concedida polo Concello de Monforte de Lemos destinada a sufragar gastos pola participación en campionato de España, de Europa ou do mundo durante o ano 2022.

_____, ____ de _____ de 2022

O representante da entidade

Asdo

ANEXO XIII

(A presentar coa xustificación)

DECLARACIÓN RESPONSABLE GASTOS DE COMBUSTIBLE

D./D^a _____, con DNI _____, en
nome _____ e representación da entidade
_____ con _____ CIF

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

Que os gastos de combustible cos que se xustifica a presente subvención, correspóndense con gastos do vehículo de titularidade acreditada do club, e que foron utilizados expresamente para o transporte de deportistas e/ou elementos e aparellos imprescindibles para a participación no campionato obxecto da presente solicitude.

_____, ____ de _____ de 2022

O representante da entidade

Asdo.